

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

10522 *Real decreto 833/2014, do 3 de outubro, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Operadores Ecolóxicos e se crea a Mesa de Coordinación da Producción Ecolóxica.*

A produción agrícola ecolóxica foi regulada por primeira vez en España mediante o Real decreto 759/1988, do 15 de xullo, polo que se inclúen os produtos agroalimentarios obtidos sen o emprego de produtos químicos de síntese no réxime de denominacións de orixe xenéricas e específicas establecido na Lei 25/1970, do 2 de decembro, no cal se establecía a normativa básica para a produción, transformación e conservación dos produtos ecolóxicos. Posteriormente foi publicado o Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, como resultado da evolución normativa en materia de produción ecolóxica, que, pola súa vez, creou a Comisión Reguladora de Agricultura Ecolóxica como órgano colexiado para o asesoramento en materia de agricultura ecolóxica, e a Orde do 14 de marzo de 1995, pola que se ditan normas de desenvolvemento do Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, e se establecen as funcións e composición da Comisión Reguladora da Agricultura Ecolóxica.

Dentro da Unión Europea, o Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, desenvolve aspectos xerais aplicables aos controis oficiais, establecendo, entre outros elementos, que de haber nun Estado membro máis dunha autoridade competente central para realizar os controis oficiais, se garantirá unha coordinación e cooperación eficaces e efectivas entre todas as autoridades competentes involucradas. Do mesmo modo, establece que as autoridades competentes garantirán que se posúen equipamentos apropiados para que o persoal poida realizar os controis oficiais con eficacia. Igualmente, establece que os Estados membros velarán por que se dispoña de elementos xurídicos que garantan o acceso do persoal das autoridades competentes á documentación dos operadores de empresas alimentarias e de pensos, para poder cumprir o seu labor adecuadamente.

Así mesmo, as medidas que se aplican especificamente ás producións ecolóxicas tamén foron evolucionando e, actualmente, encóntranse recollidas dentro do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/91, desenvolvido mediante o Regulamento (CE) n.º 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control e, en particular, ao que respecta o control oficial, o Regulamento de execución (UE) n.º 392/2013 da Comisión, do 29 de abril de 2013, que modifica o Regulamento (CE) n.º 889/2008.

Dentro deste contexto, o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, no seu título V, desenvolve determinados aspectos específicos do réxime de control oficial da produción ecolóxica. Entre outros elementos, establece que as autoridades e organismos de control manterán actualizada unha lista dos operadores suxeitos ao seu control, que se deberá pór á disposición das partes interesadas.

Por todo o anterior, faise preciso, mediante o presente real decreto, o establecemento dunha base de datos nacional denominada Rexistro Xeral de Operadores Ecolóxicos

(REXOE en diante), que incorporará os datos existentes nos rexistros ou sistemas de información das autoridades competentes das comunidades autónomas. O REXOE configúrase como un modelo de rexistro versátil que permita incorporar e identificar todo tipo de operador ecolóxico de maneira inequívoca, independentemente do tipo de actividade ou actividades que desenvolva dentro da produción ecolóxica e de onde estas teñan lugar e que, pola súa vez, se constitúa nun núcleo dinámico que se poida adaptar facilmente ás futuras modificacións da normativa comunitaria que regula a produción ecolóxica, especialmente do seu ámbito de aplicación.

Na concepción do REXOE, como na de calquera outro tipo de rexistro, cómpre formular a necesidade de establecer unha unidade básica de rexistro, de tal forma que se poidan asociar todos os datos específicos a esa unidade evitando duplicidades. Neste sentido, elixiuse o número de identificación fiscal (NIF) como código identificativo único de cada operador. A estrutura e funcionalidade deste sistema permite coñecer a actividade dun operador en todo o territorio nacional a partir dun único código.

O REXOE cubrirá a necesidade de obtención e de intercambio de datos comúns para todas as comunidades autónomas, cun alto grao de homoxeneidade que permita a súa correcta integración por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para poder así efectuar máis eficazmente os informes e as estatísticas nacionais que se deben transmitir á Comisión Europea, de acordo co establecido no artigo 36 do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007 e no artigo 93 do Regulamento (CE) n.º 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 834/2007.

Así mesmo, e tendo en conta a existencia de operadores ecolóxicos con actividade en diferentes comunidades autónomas, o REXOE constitúese nunha ferramenta eficaz para garantir o acceso por parte das autoridades competentes á información necesaria para poder cumprir coas súas obrigas de xestión e control, ofrecendo unha ferramenta que facilite e aumente a seguridade nas transaccións comerciais, tanto nacionais coma internacionais.

Polo tanto, o REXOE porá á disposición das autoridades competentes das comunidades autónomas unha serie de datos concretos e consensuados de cada operador (datos xerais, de situación, de actividade, estado e tipo de operador), rexistrados por cada unha delas, que facilitará a coordinación en materia de xestión e control, e constituirá do mesmo modo a base para confeccionar as estatísticas da Unión Europea e nacionais. Así mesmo, poranse á disposición do público as listas de operadores actualizadas para efectos do establecido no artigo 92 ter do Regulamento (CE) n.º 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, contribuíndo ao aumento da transparencia, mellora e harmonización do mercado interior.

Por outra parte, o Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, que agora se derroga, creou a Comisión Reguladora de Agricultura Ecolóxica (CRAE) como órgano colexiado para o asesoramento en materia de agricultura ecolóxica, que desenvolveu unha importante función durante uns anos de acordo cun modelo previo organizativo. Sendo imprescindible nesta materia a acción coordinada das distintas autoridades competentes, resulta necesario crear un renovado órgano de coordinación coas comunidades autónomas, como medio para a toma de decisións e harmonización na execución das obrigas derivadas da normativa comunitaria en materia de produción ecolóxica, especialmente no relativo ao control oficial, polo que mediante este real decreto se prevé a creación da Mesa de Coordinación da Produción Ecolóxica.

Así mesmo e á luz da experiencia adquirida nestes anos, considerouse conveniente e necesario separar os labores de coordinación das actuacións das autoridades competentes, xestionadas pola Mesa, das de interlocución co sector interesado. Esta última función será desenvolvida a partir de agora pola Dirección Xeral da Industria Alimentaria a través dun foro de participación sectorial no cal poderán tomar parte as entidades socioeconómicas representativas do sector, como plasmación da política de transparencia da Administración xeral do Estado.

Por medio do presente real decreto derróganse o Real decreto 759/1988, do 15 de xullo, polo que se inclúen os produtos agroalimentarios obtidos sen o emprego de produtos químicos de síntese no réxime de denominacións de orixe xenéricas e específicas establecido na Lei 25/1970, do 2 de decembro, e o Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios e as normas que o desenvolven.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de outubro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer e regular unha base de datos nacional denominada Rexistro Xeral de Operadores Ecolóxicos (REXOE en diante), así como os datos necesarios para levar a cabo as incorporacións a esa base de datos e o seu mantemento nela.

2. Tamén é obxecto deste real decreto a creación da Mesa de Coordinación da Produción Ecolóxica, como órgano colexiado de coordinación das autoridades competentes en materia de produción ecolóxica.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto seranlle de aplicación as definicións establecidas no Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/91, e no Regulamento (CE) n.º 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control.

Artigo 3. *Rexistro Xeral de Operadores Ecolóxicos (REXOE).*

1. O REXOE, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, incluírá os datos existentes nos rexistros ou sistemas de información xestionados polas autoridades competentes das comunidades autónomas e constituirase nunha base de datos informatizada.

2. Para intercambiar a información sobre operadores de produción ecolóxica, o REXOE disporá de diferentes ferramentas para facilitar a transmisión da información requirida. Pola súa parte, as autoridades competentes das comunidades autónomas disporán dun sistema de intercambio de datos co REXOE, incluídos os datos de carácter persoal e sen prexuízo do establecido nas normas de protección deste tipo de datos, baseado no formato común de comunicación aprobado na Mesa de Coordinación da Produción Ecolóxica.

3. Os detalles do sistema estableceranse na Mesa de Coordinación da Produción Ecolóxica.

Artigo 4. *Estrutura básica.*

1. O REXOE estruturarase nos seguintes niveis principais:

- a) Datos identificativos do operador e dos seus representantes.
- b) Datos de situación das actividades ecolóxicas.

- c) Tipo de actividade ecolóxica.
- d) Estado: ecolóxica, en conversión, primeiro ano en prácticas ou suspensión.
- e) Tipo de operador.

2. O contido desenvolvido de cada un das alíneas expostas no punto anterior e a descrición dos conceptos correspondentes establecerase mediante acordo da Mesa de coordinación prevista no artigo 6 e estará dispoñible na páxina web do MAGRAMA.

3. O REXOE porá á disposición do público as listas de operadores actualizadas para efectos do establecido no artigo 92 ter do Regulamento (CE) n.º 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008.

Artigo 5. *Incorporación de datos no REXOE.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas onde o operador estea obrigado a rexistrase ou deba notificar a súa actividade incorporarán ao REXOE os datos previstos no artigo 4. Cada operador identificarase no REXOE a través do NIF como código que garanta a súa identificación de forma única.

2. Para os efectos do establecido no número 1, os rexistros ou sistemas de información xestionados polas autoridades competentes das comunidades autónomas permitirán, en todo caso, que as altas, baixas e modificacións que neles se realicen se incorporen no REXOE coa maior brevidade posible.

As autoridades competentes das comunidades autónomas terán acceso informático ao REXOE para xestionar a información que lles compete, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección dos datos de carácter persoal.

Artigo 6. *Mesa de Coordinación da Producción Ecolóxica.*

1. Créase a Mesa de Coordinación da Producción Ecolóxica como órgano colexiado adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Terá como fins actuar como órgano de coordinación coas autoridades competentes das comunidades autónomas en materia de produción ecolóxica, desempeñando as funcións de asesoramento e coordinación que se lle encomenden e, en particular, no relacionado coa aplicación do presente real decreto.

3. A Mesa estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o titular da Subdirección Xeral de Calidade Diferenciada e Agricultura Ecolóxica da Dirección Xeral da Industria Alimentaria.

b) Vicepresidente: un funcionario da Subdirección Xeral de Calidade Diferenciada e Agricultura Ecolóxica, que ocupe, polo menos, un posto de xefe de área.

En caso de ausencia do presidente, fará as súas funcións o vicepresidente.

c) Vogais: un representante designado pola autoridade competente de cada comunidade autónoma.

d) Secretario: un funcionario da Subdirección Xeral de Calidade Diferenciada e Agricultura Ecolóxica que ocupe, polo menos, o posto de xefe de servizo.

Poderán tamén participar outros representantes designados polas autoridades competentes das comunidades autónomas e pola Subdirección Xeral de Calidade Diferenciada e Agricultura Ecolóxica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, con voz pero sen voto.

4. A Mesa poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo aquilo que non estea previsto por estas normas, aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A Mesa reunirase mediante convocatoria do seu presidente ou por solicitude de, polo menos, tres dos seus membros e, como mínimo, unha vez ao semestre.

5. Son funcións da Mesa de Coordinación da Producción Ecolóxica:
- Propor as medidas necesarias que aseguren unha aplicación e interpretación homoxénea da normativa comunitaria en materia de produción ecolóxica, o cal poderá implicar a elaboración de consultas, previamente consensuadas, á Comisión Europea.
 - Acordar criterios coordinados para o exercicio das actividades de ordenación e control oficial da produción ecolóxica.
 - Efectuar as tarefas de estudo e asesoramento que se precisen para adaptar a normativa nacional sobre produción ecolóxica ás necesidades que se presenten e para contribuír a fixar a posición española en asuntos relacionados coa materia ante organizacións internacionais.
 - Establecer as medidas técnicas necesarias e a información mínima que aseguren o funcionamento eficaz e coordinado do REXOE
 - Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.
 - Calquera outra relacionada coa coordinación da xestión da produción ecolóxica.
6. Os gastos en concepto de indemnizacións por realización de servizos que se orixinen pola participación dos integrantes da Mesa en reunións serán por conta do órgano que representen.
7. De acordo co disposto na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a Mesa de Coordinación da Produción Ecolóxica poderase constituír e adoptar acordos utilizando métodos electrónicos de acordo co establecido na dita disposición.

Disposición adicional primeira. *Utilización de logotipos.*

Ademais do logotipo establecido polo Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/91, poderá seguir utilizándose o logotipo a que se refire o artigo 3.2 do Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, que establece as funcións e composición da Comisión Reguladora da Agricultura Ecolóxica.

Disposición adicional segunda. *Foro de participación sectorial.*

A Dirección Xeral da Industria Alimentaria convocará regularmente un foro de participación sectorial con asistencia de representantes das organizacións profesionais e cooperativas agrarias, organizacións empresariais e outras organizacións e institucións de recoñecida representatividade e competencia no ámbito da produción ecolóxica.

Nas reunións deste foro abordaranse temas de interese xeral para este sector dentro do ámbito das competencias da Dirección Xeral da Industria Alimentaria e, en particular, o desenvolvemento do marco normativo e as medidas de fomento necesarias que garantan un desenvolvemento sustentable desta actividade.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

– Real decreto 759/1988, do 15 de xullo, polo que se inclúen os produtos agroalimentarios obtidos sen o emprego de produtos químicos de síntese no réxime de denominacións de orixe xenéricas e específicas establecido na Lei 25/1970, do 2 de decembro.

– Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios e se establecen as funcións e composición da Comisión Reguladora da Agricultura Ecolóxica.

– Orden do 14 de marzo de 1995 pola que se ditan normas de desenvolvemento do Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, que establece as funcións e composición da Comisión Reguladora da Agricultura Ecolóxica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para adoptar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións e medidas necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA